



**Resolución do 22 de abril de 2020 da Presidenta do consocio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), pola que se acorda manter a operatividade dos formularios normalizados correspondentes aos procedementos relativos a RESOLUCIÓN do 20 de febreiro de 2020 pola que se aproba a convocatoria ordinaria, correspondente ao 2019, para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á labor docente e á labor investigadora (código de procedemento ED701B), así como a RESOLUCIÓN do 19 de febreiro de 2020 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento polos cargos de xestión e se abre o prazo de presentación de solicitudes correspondentes á convocatoria de 2019 (código de procedemento ED701C), ambas publicadas no DOG número 41, 2 de marzo de 2020.**

A Resolución do 21 de setembro de 2006 (DOG do 3 de outubro) publica os acordos do Consello de Dirección da ACSUG (actual Consello Reitor), polo que se delega, na súa presidencia, a realización das convocatorias anuais de valoración previa á asignación de complementos retributivos.

De conformidade co exposto aprobáronse as convocatorias citadas no encabezamento, nas que se establecía nas súas respectivas bases que o prazo para presentar as solicitudes era de 20 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

De conformidade coa normativa reguladora destes procedementos os solicitantes están obrigados a presentar a súa solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. O prazo de presentación das solicitudes nestes procedementos era do 03.03.2020 ao 31.03.2020.

Mediante o apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, procedeuse á suspensión de todos os procedementos, interrompéndose os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Reanudaranse estes no momento no que perda vixencia o citado Real Decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Así mesmo, no apartado 3 da citada disposición adicional establécese que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución do procedemento, en determinadas circunstancias.

Tendo en conta que o xeito de presentar as solicitudes consta actualmente de dous pasos, en tanto non se desenvolva a pasarela informática entre a aplicación de ACSUGe a Sede Electrónica da Xunta de Galicia, xa que os solicitantes deben cumprimentar a súa solicitude na aplicación de ACSUG e logo deben presentala na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, a situación actual está a producir situacións confusas que poden dar lugar á interposición de eventuais reclamacións, xa que os solicitantes, ao entender que o prazo de presentación de solicitudes aínda non rematou, seguen a presentar as súas solicitudes (xeradas na aplicación de ACSUG) a través de correos electrónicos, en formato papel, fax, e mesmo a través da propia sede mediante a presentación de documentación xenérica.

Considérase por ACSUG que, tendo en conta as sucesivas prórrogas que se viñeron establecendo así como as que, previsiblemente, se poidan acordar, e en tanto os prazos administrativos estean en suspenso, débese facilitar aos solicitantes destes complementos que, se así o desexan, poidan deixar presentadas no rexistro as súas solicitudes.

RESOLVO:

Primeiro.- Acordar a apertura dos modelos de solicitude na Sede Electrónica da Xunta de Galicia correspondentes aos procedementos ED701B e ED701C, permitindo que os interesados que así o desexan, poidan seguir presentando as súas solicitudes durante o estado de alarma, sen que isto supoña a continuación do procedemento.

Segundo.- De acordo co establecido no apartado 1 da Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, o cómputo dos prazos destes procedementos reanudarase no momento en que dito estado de alarma ou, no seu caso, as súas prórrogas, perdan vixencia.

Lugo, 22 de abril de 2020

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Morrondo'.

M. Patrocinio Morrondo Pelayo

Presidenta de ACSUG